PAPEL E PINCEL

PINTORES E ESCULTORES
DO
IES LUCUS AUGUSTI



7. Adrián del Moral
11. Alfredo Seijas
15. Álvaro de la Vega
19. Álvez
23. Ángel Fernández
29. Antón Campelo
33. Antonio Murado
37. Antonio Parga
43. Antonio Prado
47. Anxel Xohán
51. Anxos Romeo
55. Aurita
59. Benxamín Santín
67. Bernardo Tejeda
71. Carlos Pardo Teixeiro
75. Castro Gil
79. Chema Dapena
83. Chendo Pardo
87. Colomán
91. Díaz Abel
95. Eduardo Ochoa
99. Eduardo Valiña
103. Espiral
107 Euloxio das Penas
111. Federico García
115. Fernández Vila
119. García Gesto
123. Germán G. Mera
127. Gloria G. Sampedro
131. González Doreste
135. Gora Vorontsov
139. Gregorio Sánchez
143. Guisasola
147. Honorio
151. Humberto López Vázquez
155. Iglesias Requejo
159. Jesús Otero Iglesias
163. Jesús Somoza
167. Jorge Quiroga
171. José Antonio Marín
177. Reigosa
181. Juan do Rego
187. Juan J. Vila
191. Juan M. Hernández
195. Labajjo Grandío
201. Lomarti

207. López Ferreiro
211. López Guntín
217. Louzao
221. Luciano F. Penedo
227. Lugilde
233. Luis Ginel
237. Luis Guerreiro
241. Luis Rueda
245. Luis Valverde Luna
249. M. C. Matalobos
255. Macía
263. Magdalena Seixas
267. Manfred Von Drechsel Romero
271. Manuel Carreira
275. Manuel del Río
279. Manu Teixeiro
283. María José Santiso
289. Martín Tallo
293. Méndez
297. Miguel Calvo
301. Miguel Fraga
305. Otero Regal
309. Paco Pestana
313. Pedro Agrelo
317. Penas Goás
321. Primitivo Marcos
327. Quiroga
331. Rafael Bosch
335. Ramón Casto
339. Romero Boelle
345. Rulos
349. Sánchez Fernández de la Vega
353. Saturno Lois
359. Tejero
363. Valentín Roldán
367. Vázquez Alemán
371. Vázquez Cereijo
375. Vizcaíno
379. Xaime da Pena
383. Xan López Domínguez
387. Xermán Refojo
391. Xoán Guerreiro
395. Xoán M. Balboa
399. Xosá Arteaga
403. Xosé López Orozco
407. Xosé M. Otero
411. Yebra de Ares
415. Zalo

COORDINADOR DA EXPOSICIÓN: Manuel Celso Matalobos

AGRADECEMENTOS:

As alumnas de 4º de ESO A no ano 2006 Marta Álvarez Veiguela e Eugenia Vázquez Pereira, creadoras deste aporte para a páxina do instituto, querémoslles agradecer a súa inestimábel axuda, principalmente, ós nosos compañeiros na aula de informática, por deixar os seus traballos aparte durante dúas clases para axudarnos a copiar as biografías:

4ºA	4ºB
Hugo Álvarez Fernández	Mariña Baia Baliñas Martí
Pablo Cabezas Sainz	Marko Cavar
Noelia Fernández Grueira	Diego Gorgoso Prado
Daniel Lago Barreiro	Alejandro Neira Alonso
Hugo Méndez López	Borja Núñez Candal
Isaac Riesgo Arias	Cristina Reco Sanfiz
Martín Rodríguez Caínzos	Roberto Rodríguez Corral
Damián Torres Torres	Daniel Rodríguez Estévez
	Iván Valcárcel Rubinos

Ademais, grazas ó noso profesor, Antón Gonçalves, por facilitarnos todos os medios, tanto a información coma a axuda dos nosos compañeiros, de forma tan sinxela

ADRIÁN DEL MORAL

Escaleiras do Instituto (2005)
Fotografía

ALFREDO SEIXAS

SEIXAS SANZ, Xosé Alfredo (Lugo, 1944)

Xosé Alfredo Seixas Sanz realiza no Instituto Masculino as probas para a obtención do bacherelato elemental (1959) e superior (1961).Està graduado en Cerámica pola Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcon e é funconario da Consellería de Cultura en Lugo.

Participou en numerosos certames de pintura en Galicia, Asturias e Castela-Leon. Recentemente recibiu un accésit no certame de pintura "Cidade de lugo"(2003). A suá primeira exposición foi unha mostra colectiva no Círculo das Artes de Lugo (1970).Tras un longo período de inactividade artística, volve a expoñer en colectivas no edificio multiúsos da Xunta de Galicia (2000, 2002), Concello de Lugo (2001, 2003) Casa da Cultura de Vilanova de Ocos (2001), Círculo Recrativode Tazones, en Asturias (2001, 2003), Casa da cultura deFrómista, Palencia (2001, 2003),sala Almirante, Lugo (2002), Concello de Nigrán, Pontevedra (2002) Museo Provincial de Lugo (2003), Conello de Folgoso do Courel (2003) e Concello de Olmedo, Valladolid (2003).

Doou ó IES Lucus Augusti unha serigrafía numerada da torre de Vilavoa dos Infantiles (Ourense), lugar de evocacións literarias (Curros Enríquez, Méndez Ferrín ...) e fermosura natural.

Vilanova dos infantes (1978)
S e r i g r a f í a .
Colección do IES Lucus Augusti.

ÁLVARO DE LA VEGA

Busto Sostido (2003)
Madeira de Olmo

ÁLVEZ

ALVEZ, JOSE Mª (Lugo, 1953)

Redactor gráfico de EL Progreso e unha das figuras máis destacadas da fotografía dixi- taL en Galicia, especialidade na que foi pio- neiro ó realizar en 1996 a primeira exposición na nosa térra, patrocinada por Caixa Galicia. Desde que se iniciou na fotografía artística, en 1973, realizou polo menos unha exposición anual dos seus traballos, ó tempo que participou noutras colectivas e colaborou en numerosas publicacións de t¡- raxe nacional. Foi correspondente da Axencia Efe e delegado da Asociación de Informadores Gráficos de Prensa. Entre as súas publi- cacións destacaremos: *Lugo, cita con dos siglos {*1984), *Dueños de la íuz[* 1990), *Lugo, fin de século* ou o portafolios editado por Digital Foto (2002).

Buzóns (2006)
Fotografía

ÁNGEL FERNÁNDEZ

FERNÁNDEZ, ÁNGEL (O Corgo, Lugo, 1958)

Publicou fotografías en El Progreso, La Voz de Galicia, Ribeira, Órbita, etc. Realizou diferentes traballos para axencias de viaxes, así como varias exposicións sobre Campos de traballo: Asteme (Lugo, 1998), Xunta de Galicia (1998), La Unión (Sarria, 1998) e Casa da Cultura (Ribadeo-Pantín, 1999). Espuxo na A. C. Asteme a colección Animales y plantas (2000) e recibiu o premio fotográfico Órbita- Círculo (2001).

Felinos (2000)
Fotografía

Mencer - Fotografía

ANTÓN CAMPELO

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Antón (Antón Campelo) (A Mezquita, Ourense, 1952)

Antón González Fernádez estuda o bacharelato no Instituo Masculino entre os anos 1962 e 1970. Durante algún tempo compatibiliza as súas inquedanzas artísticas coa actividade musical como compositor e vocalista do grupo folk O Carro, e como restaurador titular do Musaeo Provincial de Lugo. Actualmente destina a maior parte da súa producción pictórica ó mercado artístico madrileño, se ben as súas obras se atopan tamén en colecciónns privadas e institucións españolas e foráneas (Fundación Caixa Galicia, Banco Gallego, "Old Artists" de Nova York, etc.).

A súa obra, que algúns críticos inclúen no "realismo histórico europeo",abrangue unha pluridade técnica (debuxo, acuarela, óleo...) e temática (paisaxes rurais e urbanas, interiores, figuras humanas...).

Realizou varias exposicións individuais e colectivas. Entre as primeiras sinalaremos as cinco que fixo no Banco de Créditoe Inversiones de Lugo ou itinerante da Aula Cultural Caixa Galicia; entre as colectivas, a titulada Par 3, xunto a Guerreiro e Martín Núñez, no circulo das Artes de Lugo (1984).

Doou ó IES Lucus Augusti un alegato artístico contra a guerra de Iraq: ¡ Non no meu nome!

¡Non no meu nome! (2003).
Tinta e acuarela.
Colección do IES Lucus Augusti.

ANTONIO MURADO



Díptico (2001) - Óleo

ANTONIO PARGA

PARGA RIFÓN, Antonio (Lugo, 1958)

Antes de cursar os estudos de Delineación, Antonio Parga Rifón realiza os sete anos de bacharelato no Instituto Masculino, entre 1969 e 1976. Alumno avantaxado de Saturno Lois, intervén como ilustrador nalgún libros e expón os seus óleos -principalmente paisaxes- na Deputación Provincial de Lugo e nalgunha mostra colectiva.

Hábil retratista, é pouco dado ós circuítos comerciais, aínda que participa na homenaxe ó IES Lucus Augusti co gallo do 150 aniversario da súa creación, doando o debuxo Parque dos namorados (1998), do que non temos imaxe, escena romántica no lucense parque de Rosalía de Castro, próximo ó instituto, que alberga tamén a paisaxe que aquí se reproduce, froito doutra doazón.

Paisaxe. Óleo. Colección do IES Lucus Augusti.

Parque dos Enamorados (1998)
Tinta

ANTONIO PRADO

PRADO RODRÍGUEZ, Antonio (Lugo, 1940)

Antonio Prado Rodríguez realiza no Instituto Masculino os exames de grao elemental (1954) e superior (1956) do bacharelato. A súa afección á pintura vén de tempo atrás, anque a súa formación no campo artístico é autodidacta.

Expuxo individualmente en Valença do Minho (Portugal, 1982) e en Baiona , Pontevedra (1988). Así mesmo, participou en varias exposicións colectivas en Lugo (1968, 1970, 1998, 2002, 2003, e 2004). As últimas, organizadas pola Asociación de Artistas Plásticos Lucenses, tiveron lugar no edificio multiúsos da Xunta de Galicia e na sala Almirante do Hotel Méndez Núñez.

Fixo doazón ó IES Lucus Augusti da paisaxe rural que se reproduce nesta páxina.

Galería (2004).
Óleo.
Colección do IES Lucus Augusti.

ÁNXEL XOHÁN

GONZÁLEZ LÓPEZ, Ánxel Xohán (Lugo 1901, Madrid 1965)

Estuda o bacharelato no Instituto Provincial de Lugo entre 1912 e 1917. No seu expediente consta unha certificación (24-8-1917) para remitir á Escola Normal de Maxisterio de Pontevedra, un centro no que non chegará a titularse xa que en 1918 ingresa, por Sevilla, no corpo de Telégrafos, sendo destinado ás Palmas de Gran Canaria.

Militante de Izquierda Republicana, é detido nos primeiros días da Guerra Civil, permanecendo en prisión ata o 30 de marzo de 1942, ademais de quedar suspendido de emprego e soldo durante a práctica totalidade da súa vida. No cárcere leva a cabo un inxente labor de escritor, tradutor e debuxante. Xa fóra da cadea, publica varios cadernos poéticos e traduce sete sonetos de Shakespeare. O mellor da súa poesía será incluído por Fernández del Riego na Escolma de Poesía Galega (1955).

En 1948 volve a Lugo para traballar como oficinista e profesor de Debuxo no Círculo das Artes. Expón no Centro de Iniciativas e Turismo de Lugo 1949, corenta acuarelas e debuxos que reciben moi boa acollida por parte da crítica e intervén en numerosas empresas culturais, tanto literarias como artísticas. Nos últimos anos incorpórase ó grupo A Gadaña na exposición que estes vangardistas organizan en Lugo.

Recentemente ten sido obxecto de estudos por parte de varios analistas da súa traxectoria, tanto ideolóxica como artística. O Círculo das Artes colga nas súas paredes unha obra de Ánxel Xohán, se ben a maior parte dos seus gravados e debuxos, consérvase no museo Carlos Maside de Sada (A Coruña) e en propiedade da familia.

Retrato da súa muller (pintado no cárcere das Palmas o 19 de marzo de 1938). Colección familiar.

ANXOS ROMEO

ROMEO, ANXOS (A Estrada, Pontevedra, 1965)

Licenciada en Belas Artes (especialidade de Pintura). Profesora de Educación Plástica e Visual no IES Lucus Augusti durante o curso 2005-06. Recibiu varias bolsas de apoio á docencia e creación artística e impartiu diversos obradoiros de gravado, estampación, animación e vídeo. Creadora literaria e artística, ilustrou libros de X.C. Gómez Alfaro, Pilar Pallarés, X.M. Álvarez Cáccamo, X.C. Domínguez, etc. Espuxo individual e colectiva mente en Tu i (1993), Ourense (1994), Lalín (1996), Pasau-Alemaña (1997), Pontevedra (1997, 1998, 1999, 2000), Santiago (2000) e Vigo (1994, 1995, 1996, 1998, 1999, 2002).



Chove en Lugo? (2006)
Gravado

AURITA

Penas de Rodas (2005) - Óleo

BENJAMÍN SANTÍN

SANTÍN CARBALLADA, Benjamín (Becerreá, Lugo, 1933)

Benjamín Santín Carballada é profesor mercantil, mestre industrial (delineante) e catedrático de Debuxo de ensinanza secundaria, profesión que exerceu en varios centros da capital (no Instituto Masculino fíxoo entre os anos 1963 e 1971). Foi secretario da Asociación de Artistas Plásticos Lucenses (1996-2001) e presidiu o I Congreso Galego de Profesores de Debuxo (A Coruña, 1998). Participou en conferencias e traballos relacionados co ensino, o deseño, a fotografía e a arte, ademais de crear unha obra variada do punto de vista temático e técnico (plumilla, augada, acuarela...) caracterizada polo contido libre das alegorías e simbolismos conceptuais de inspiración popular, así como a comunicación da linguaxe interior a través da palabra e a imaxe.

Galardonado co 1º Premio do Colexio Nacional de Decoradores en 1982, deseñou logotipos, carteis e portadas para diversas publicacións, e interveu nunha vintena de exposicións de pintura e fotografía, varias delas con fins benéficos (Protectora de Animais e Plantas, Cáritas, Aspnais, Mans Unidas, Síndrome de Down...) Por citar só algunhas, sinalaremos as colectivas da Asociación de Artistas Plásticos Lucenses (1999,2002 e 2003) ou as dúas realizadas na localidade valenciana de Gandía (2001 e 2003).

Colaborou nos actos do 150 aniversario do IES Lucus Augusti coa augada que aquí se reproduce. Así mesmo, en febreiro de 2004, participou na homenaxe no centenario do profesor Saturno Lois doando unha caricatura do mesmo e unha acuarela baseada nunha interpretación persoal da cidade de Lugo.

Sen título (1998)
Augada.
Colección do IES Lucus Augusti.

Lugo (interpretación do autor) (2004). Acuarela. Colección do IES Lucus Augusti.

Homenaxe a Saturno Lois (2004)
Tinta

BERNARDO TEJEDA

Catodia 03 (1992)
Augatinta/prancha de cobre

CARLOS PARDO TEIXEIRO

O bote de pintura
Óleo

CASTRO GIL

CASTRO GIL, Manuel Castro (Lugo 1891 - Madrid 1963)

Manuel Castro cursa o bacaharelato no Instituto provincial e gradúase na escola de artes e oficios e na Normal, onde acada o título de mestre pouco despois do bacharel, En Lugo faise pronto coñecido polas caricaturas e paisaxes que expón nalgúns comercios da cidade... Acada unha bolsa na Deputación Provincial para asistir ás clases da Escola de Belas Artes de Madrid e fórmase con artistasda talla de Venger ou ferrant. Traballa como gravador en diversos obradoiros ata ingresar na Casa da Moeda, da que será nomeado xefe de proxectos artísticos. Alí contacta con gravadores de fran destreza e profundidade nunha técnica moi característica na súa obra: a estampación en cor (ver Torre dos Andrade, doazón da sala Acuarela de Lugo).

Colabora como ilustrador nas revistas La Esfera, Blanco y Negro, ABC e Nuevo Mundo, así como nas publicacións galegas Alfar, Nós e Ronsel, de xeito que significativossectores da cultura autóctona distíngueno como un xenuíno representante da esencia e os valores da terra. Participaen varias exposicións en Galicia e recibe un dos seus primeiros galardóns: o 1º no Concurso Nacional de Gravado de 1925, Este mesmo ano consegue unha bolsa de Xunta de Ampliación de Estudos que lle permite viaxar a París, onde expóncon gran éxito as súas augafortes, antes de viaxar a Bélxica e expor novamente en Inglaterra, alemaña e Holanda.

De regreso (1930) atopámonos cun artista consagrado, convertido nunha figura clave da Agrupación Española de Artistas Gravadores (será o seu presidente entre 1954 e 1956). Imparte clases na Escola Nacional de Arters Gráficas e mesmo se crea unha agrupación co nome do artista en cuxos locais se organizan exposicións e se reúnen amigos e discípulos seus.

Daniel Buján destaca a súa fidelidade a unha temática, centrada basicamente na paisaxe e na reprodución de documentos integrados nun contorno paisaxístico cun intenso dramatismo, expresado sobre todo nos claro-escuros e fortes contraluces tan habituais nos seus traballos, que se contan por milleiros. Cífranse nunhas 4000 obras, en todos os tamaños e para diversos fins: invitacións, programas, menús, christmas, ilustracións para libros de bibliófilo, gravados destinados á exposición, carpetas de gravados, etc.

Torre de Andrade.
Gravado.
Colección do IES Lucus Augusti.

CHEMA DAPENA

DAPENA RODRÍGUEZ, José María (Lugo, 1955)

José Mª Dapena Rodríguez estuda o bacharelato entre 1966 e 1973 no Instituto Masculino, onde os profesores Saturno Lois e López Guntín exercen unha influencia decisiva para encauzar a súa vocación artística. Licénciase en Belas Artes por San Fernando e especialízase en diversas ramas da pintura, escultura, deseño industrial, cerámica, vidro e microfusión de metais.

En 1983 comeza a súa traxectoria artística en Ourense desempeñando a dirección creativa de Porcelanas Galos. En 1991 volve á creación independente, compartindo esa actividade coa docencia en diversos centros de Galicia e Portugal. Profesor-monitor na Escola do Vidro de Galicia, destaca o seu labor na Fundación Nacional del Vidrio, Real Fábrica de Cristales de La Granja de Segovia. En 1995 recibe o Premio Internacional de Deseño e Creación Artística na “Internationale Frankfurter Messe” en Alemaña, pola súa colección cerámica Kandynsky. Sería moi prolixo o relato detallado do currículo deste artista lucense afincado en Ourense desde hai máis de vinte anos. Simplemente diremos que desque en 1975 espuxera por primeira vez no Círculo das Artes de Lugo, sucedéronse cerca dun centenar de exposicións individuais e colectivas en toda Galicia, Zaragoza, Lleida, Madrid, Barcelona, Mataró, Segovia, Frankfurt (Alemaña), Lisboa, Oporto, Melgaço (Portugal), París (Francia), Dallas e Chicago (EEUU).

Chema Dapena doou ó instituto no que deu os seus primeiros pasos artísticos a orixinal ventá que aquí se amosa.

Ventá.

Vidro fundido.

Colección do IES Lucus Augusti.

CHENCHO PARDO

Lugo (2004)
Técnica Mixta

COLOMÁN



Migracións (2001)
Tinta

DÍAZ ABEL

DÍAZ ABEL, Juan Manuel (Lugo,1942-Lugo,1983)

Juan Manuel Diaz Abel estuda os dous ultimos cursos do bacharelato elemental no instituto Masculino(1956-1958)e logo marcha para barcelona,onde asiste a cursos de formacion artistica e dedicase a pintar e crear deseños de xoias,seguindo os pasos do seu pai,xoieiro de profesion en Lugo.

Despois de viaxar a París,(francia)e Xenebra(Suíza),regresa a lugo en 1975.O ano seguinte,trasládase a Ibiza,onde reside durante un ano.A bohemia e a luz da illa balear inspirarán algunhas das suas mellores obras,de corte surrealista(Sentía unha gran admiracion por Dalí).

As viaxes a terras catalanas sucedense para novos traballos pictóricos,pero non será ata poucoantes da sua morte cando expoña unha serie de obras e colaxes no pub Deborak de Lugo(1983).Postumamente,unha obra súa participa nunha exposición colectiva na sala Almirante do hotel Méndez Núñz de Lugo.

A súa viúva MºAsuncion Dorado Martín, doou ó IES Lucus Augusti unha colorista colaxe pertencente á etapa ibicenca de Díaz Abel.

Sen título (1976) Técnica mixta. Colección do IES Lucus Augusti.

EDUARDO OCHOA

OCHOA, EDUARDO (Tarragona, 1952)

Participou en numerosas exposicións en Lugo, A Coruña, Ourense, Vigo, Madrid, Murcia, Zarautz, Viana do Castelo... Publicou noscatálogos da 1º e 2º Fotobienal de Vigo, 0 Mar, Ollares no tempo, Outono Fotográfico, 1ª Bienal de Lugo, Univerfoto, Torre Luzea, Estructuras, Ourense en pé de foto, Olladas, etc. É autor das fotografías que integran os libros *Lugo Blues, Metarelatos, Catro por vinte, Vi- iaiba* e *O Ouro Prerromano na Provincia de Lugo* así como *Doce anos na búsqueda da nosa identidade, Cara ó Miño, Os mundos de Claudio Rodríguez Fer, 25 anos de labor cultural en Ourense* e *Librería Alonso 1863- 2000.* Ten obra publicada en Arte Fotográfico, Unión Libre, 40 por 50, Kamara, Objectif, Artesonado, Obradoiro, ínsula, Vers Compostelle, etc. En 1991 foi elixido no proxecto Catro Direccións (Fotografía Contemporánea Española, 1970-1990) e en 2000 a súa obra foi re- collida na colección Fotógrafos Fin de Milenio (Fotógrafos de España, vol. 3). Entre as súas exposicións individuáis citaremos: Ecuacións (A Coruña, 1988), Deriva (Ourense, 1999) Miradas (Lugo, 2002) e Arborescencias (Lugo, 2005). Aparecen referencias á súa obra en Lu- zes de Galicia, Leer, Homenagen a E. Lourenco, Historia y comunicación social e Novelas como álbumes.



Sen título - Fotografía

EDUARDO VALIÑA

LÓPEZ VALIÑA, José Eduardo (O Páramo, Lugo, 1972)

José Eduardo López Valiña obtén o título de bacharelato no I.E.S. Lucus Augusti a finais do dso 80. Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, dedícase profesionalmente ó mundo da arte, ora como comisario de exposicións (seis ata o momento), ora como creador de pintura, fotografía e instalacións artísticas.

Desde 1997, ano en que empeza a amosar a súa obra, participa en máis de trinta exposicións individuais e colectivas, principalmente en Santiago de Compostela, pero tamén no resto de Galicia e Portugal. Precisamente entre as súas últimas mostras se encontra a participación na XII bienial internacional de arte de Cerveira (Vila Nova de Cerveira, 2003) e na exposición individual 'Por amor á arte' (Oporto, 2004). Colga os cadros na Fundación Eugenio Granell, Colexio de Arquitectos de Galicia e Universidade de Santiago de Compostela.

Recibiu unha mención de honra no X certame 'Cidade de Lugo' (2002), e no mes de maio de 2004 presentou na galeria Espacio 48 de Santiago unha exposición da cal procede a obra que doou ó I.E.S. Lucus Augusti, unha orixinal creacion realizada a partir de herba seca.

Sen título, da serie 34 leiras (1999).
Técnica mixta sobre táboa.
Dúas pezas.
Colección do IES Lucus Augusti

ESPIRAL

LÓPEZ PÉREZ, Jorge (Espiral) (Lugo, 1964)

Jorge López Pérez fai o bacharelato no *Instituto Masculino* entre os anos 1978 e 1983. Desde moi novo amosa cualidades artísticas, pero non fai a súa primeira exposición individual ata 1988, na Deputación de Lugo, ano en que é seleccionada unha obra súa na VIII Exposición Internacional de Mini Gravado de Cadaqués. Repite galardón dous anos despois neste certame, integrando a súa obra unha mostra itinerante por Cadaqués, Barcelona e Andorra. Outra itinerante na que resulta premiado é no IV Certame Galego de Artes Plásticas (Lugo, Sevilla, Valencia) en 1990, ademais de no II Certame Galego de Arte "Domínguez Guizán" de Begonte (1991) e as bienais de Arte Galega organizadas pola asociación Meigas e Trasgos de Sarria (1992 e 1994).

Ilustrador de publicacións como *Ninguén está só* (2001) *Poemas e contos da muralla* (2001) ou *Cento sete Marés* (2003), realizou máis dunha ducia de exposicións individuais e medio cento de colectivas -varias delas dentro do Colectivo Bacabú- en toda Galicia e en lugares tan dispares como Madrid, Tarragona, Castellón, Saraxevo (Bosnia-Herzegovina), México, Seúl (Corea), Matsuyama (Xapón) ou Honolulu (Hawai).

As figuras aparentemente grotescas do seu universo pictórico (toureiros, músicos, boxeadores, meninas...) trasfondan unha tenrura e un sentimento de gran expresividade, matizado en ocasións por un particular sentido do humor. Boa mostra disto é a obra que doou ó *Instituto*: un toureiro tomando tranquilamente un café *a las cinco de la tarde*...

A las cinco de la tarde (2001).
Acrílico sobre táboa.
Colección do IES Lucus Augusti.

EULOXIO DAS PENAS

PENAS SEIJAS FERNÁNDEZ, Eulogio (Lugo, 1964)

Eulogio Penas Seijas Fernández estuda o bacharelato no Instituto Masculino entre 1978 e 1982. Sendo un rapaz, o seu pai - gran afeccionado á escultura - lévao á casa-museo que Víctor Corral ten en Baamonde, unha visita que o deixará gratamente impresinado e conducirá a súa posterior vocación escultórica.

Fórmase no circulo de Belas Artes de Madrid e manifféstase influenciado por artistas locais e foráneos como Paco Pestana, Camilo Otero, Tony Crag ou Kienholz.

Recibe diversos premios de escultura, pintura e fotografía. A partir de 1986, participa en mostras de arte postal: Madrid (1987), Granada (1988), Barcelona (1993) e Uppsala (Suecia, 1994). Realiza tamén exposicións individuais e colectivas en toda Galicia, Madrid, Cidade Real, Xaén, Almería, Valencia,etc.

Doou ó IES Lucus Augusti unha peza escultórica de gran formato, creada no seu obradoiro de Rábade en 2003: Troia.

Troia (2003).
Madeira texturizada en óxido.
Colección do IES Lucus Augusti.

FEDERICO GARCÍA

GARCÍA, J. FEDERICO (Castro R. de Lea, Lugo, 1949)

Combina a súa actividade como profesor de Economía na Universidade de Santiago coa afección pola fotografía artística. Desde os anos 70, desenvolveu tres etapas ben diferenciadas: laboratorio en B/N, negativo a cor e tecnoloxía dixital, na que se iniciou recentemente. No decurso deste tempo obtivo premios en diversos concursos (Lugo, A Coruña, Madrid, Xixón, San Adríá de Besós, Barcelona...). Espuxo por primeira vez na sala Arco da Vella (1976) e desde entón as súas fotografías formaron parte de mostras individuáis e colectivas, sendo a máis recente Olladas (Museo Provincial de Lugo, 2004), no 4º aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade.

Desde a muralla (2002)
Fotografía

FERNÁNDEZ VILA

FERNÁNDEZ VILA, Luís Valentín (Escarión, Lugo, 1958)

Luís Valentín Fernández Vila estuda o bacharelato no *Instituto Masculino* entre 1968 e 1976. O ano seguinte ingresa na Escola Superior de Belas Artes de Sant Jordi (Barcelona), licenciándose posteriormente na especialidade de Pintura. Na actualidade é profesor de Debuxo no *IES Ánxel Fole* de Lugo.

En 1982 consegue unha bolsa de estudos da Fundación Rodríguez Acosta de Granada. En 1991 acada o premio de pintura José Domínguez Guizán, de Begonte. Obtén novos premios por parte da agrupación Xermolos de Guitiriz (1994) e no certame de pintura de Cambre (1994 e 2002). Tamén este último ano recibe un accésit no 2º certame de pintura rápida Cidade de Lugo.

Expón en Sabadell, Barcelona, Vigo, Lugo, Sarria, León, Ponferrada, A Coruña e Santiago de Compostela. As últimas mostras individuais da súa obra foron na Casa da Cultura de Burela e na galería Amararte de Lugo (2004).

Doou ó *Instituto* a natureza morta que leva por título *Bodegón I*.

Bodegón I. Óleo sobre táboa. Colección do IES Lucus Augusti.

GARCÍA GESTO

GARCÍA GESTO, José Joaquín (Lugo, 1948)

José Joaquín García Gesto realizou as probas para a obtención dos títulos de bacharelato elemental e superior (1964) no Instituto Masculino. Licenciado pola Escola Superior de Belas Artes de San Fernando, actualmente é profesor de debuxo no I.E.S. Señora de Lugo.

En 1973, o Ministerio de Educación e Ciencia concedeulle a medalla o Mérito das Belas Artes, en 1974 gañou o 1º premio de pintura na Bienal Nacional de Arte Universitaria de Madrid. Os críticos salientan o carácter austero pero suxerente da súa pintura; unha pintura que, entre outros lugares, podemos atopar en varias institucións arxentinas, a colección Caixa Vigo, o museo Carlos Maside de Sada, a Universidade Complutense ou o aeroporto internacional de Barajas(Madrid).

Conta o seu haber con máis de 20 exposicións individuais e medio cento de colectivas en Galicia, Madrid, Barcelona, Málaga , Santander, Bos Aires (Arxentina),Bonn e Wiesbaden (Alemaña).A última, Ars Moenia, exposición colectiva de pintores lucenses en Madrid (maio-xuño de 2004)

Fixo doazón ó I.E.S. Lucus Augusti da obra que leva por título: Sobremesa

Sobremesa (2003) Acrílico. Colección do IES Lucus Augusti

GERMÁN G. MERA

MERA, Germán (Lugo, 1959)

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago, desde o ano 2000 exerce como profesor especialista en Pedagoxía Terapéutica no *IES Lucus Augusti*, centro no que realizou estudos de bacharelato a partires do ano 1970.

A súa incorporación ó mundo da arte é serodia e prodúcese da man do pintor segoviano afincado en Lugo Juan Miguel de Prada, quen lle axuda a reafirma-la súa vocación de cara a procurar un sentido estético e gozoso na creación artística. Participa nalgunhas exposicións colectivas e mantén contacto cos pintores lucenses Miguel Macía e Lomarti, que o achegan a novoc parámetros artísticos que experimenta na actualidade.

Fai doazón ó *IES Lucus Augusti* da paisaxe asturiana titulada *Raíces*.

Raíces (2004).
Óleo sobre táboa.
Colección do IES Lucus Augusti.

GLORIA R. SAMPEDRO

RODRÍGUEZ SAMPEDRO, Gloria (Samos, Lugo, 1960)

Licenciada en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes de San Carlos (Valencia), foi profesora de debuxo no IES Lucus Augusti entre os anos 1990 e 1995. Ata o ano 1998 formou parte do grupo de arte contemporáneo Archival de Valencia, co que interveu en numerosas exposicións por todo o levante español e Cataluña.

Espuxo no centro Laurat bat de Valencia, La Caixa de Amposta, Concello de Benicarló, Interarte 95 e en mostras colectivas na sala Almirante e galería Apolo de Lugo.

Contribuíu á colección de arte do IES Lucus Augusti doando un óleo que pintou no verán de 2003 na súa casa de Monforte de Lemos.

Sen título (2003).
Óleo.
Colección do IES Lucus Augusti.

GONZÁLEZ DORESTE

GONZÁLEZ DORESTE, Ángel (As Palmas de Gran Canaria, 1933)

Ángel González Doreste é fillo do poeta e pintor lucense Ánxel Xohan. Procedente do Colexio Viera y Clavijo das Palmas, traslada o seu expediente ó Instituto Masculino en 1949 para rematar o bacharelato superior. Nesta época gaña varios premios nos concursos de "Educación y Descanso" organizados pola Deputación Provincial de Lugo, que lle concede unha bolsa para ingresar na Escola de Belas Artes de Madrid, onde cursa estudos superiores de pintura entre 1953 e 1958.

Realiza as primeiras exposicións (Ateneo, galerías Fernando Fe e Biosca, salón Cano) e asiste á formación do grupo "El Paso". Continúa a súa xubilación, alterna a docencia como catedrático de Debuxo no instituto cántabro pola "figuración abstracta", ata un hiperrealismo que rescata o cotián para darlle unha dimensión estética (como se pode comprobar en Escultura en materia orgánica, obra que doou para a colección de arte do IES Lucus Augusti).

Participou nunha mostra colectiva en Moscova e espuxo en Tenerife, As Palmas, Lugo Santiago, Madrid, Bilbao, Oviedo e Santoña. Ten obra no Museo Provincial de Lugo, o Carlos Maside (Sada, A Coruña) e o de Arte Contemporánea de Vilafamés (Castellón), á parte de diversas coleccións particulares.

Escultura en materia orgánica (1975) Óleo sobre papel e táboa. Colección do IES Lucus Augusti.

GORA VORONTSOV

GORA VORONTSOV (Vilalba, Lugo, 1959)

José Eulogio Rouco Lamela é Licenciado en Historia da Arte (Autónoma de Barcelona), técnico en Vídeo (CAI A Coruña), diplomado en Cinematografía (Univ. de Valladolid) e en Sen- grafía (Escola de Artes de Lugo). Actualmente compaxina a súa faceta como profesor de Imaxe e Artes na Coruña coa actividade profesional de realizador e guionista nunha empresa de produción audiovisual. É autor de libros de texto e diversas publicacións de carácter pedagóxico, histórico e literario. Realizou numerosos traballos cinematográficos, actividades de deseño e exposicións fotográficas: Deputación Provincial (Lugo, 1985, 1987), Propaganda (Vigo, 1987, 1988), Delegación de Cultura (Pontevedra, 1988), Sargadelos (Santiago, 1989), Zu (Lugo,1989), Image Center (A Coruña, 1989), Almirante (Lugo, 1997), Catedral 1 (Lugo, 1997), Josbe (A Coruña, 1997), U. Novoneyra (Lugo, 2001), etc. Acadou o 3º premio da AFPL (Lugo, 1989) e un accésit no premio de gravado Probisa (Betanzos, 1989). Participou na mostra de pintura Profesores dos Institutos de Lugo (IES Lucus Augusti, 1992).

Interior azul - Venecia 2
Fotografía

GREGORIO SÁNCHEZ

SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, Gregorio

Gregorio Sáchez Rodríguez estuda os cursos correspondentes ó bacharelato superior no Instituto Masculino, que remata en 1970. En Santiago fai os tres cursos preclínicos de Medicina e orienta a súa vocación artística na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Mestre Mateo da capital compostelá. Instalado en Monforte de Lemos, realizas deseños para a cooperativa cerámica "Chan", labor ó que seguirán dez anos nun estudo de arquitectura.

Viaxa a Cork (Irlanda) e a Gran Bretaña, (primeiro Londres e logo Eton). Nesta cidade inglesa desenvolve un importante traballo no Eton College, prestixiosa entidade educativa que inclúe fotografías súas no libro colectivo Leaver's book (1995). Continúa o seu periplo por Canadá, EE.UU (Nova York, San Francisco, Boston) e participa en dúas exposicións colectivas de pintura (1996 e 2001). Traslada a súa residencia a Alemaña (Münster) e alí expón individualmente (2002) antes de regresar a Galicia. Aquí realiza un traballo fotográfico sobre o Camiño Primitivo de Santiago para o departamento de exposición da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Na actualidade prepara unha nova exposición individual para a súa pintura.

Doou ó IES Lucus Augusti unha acuarela inspirada nunha paisaxe da localidade lucense de Calde.

Paisaxe de Lugo (2003). Acuarela. Colección do IES Lucus Augusti.

GUISASOLA

GUISASOLA, JOSÉ MANUEL **(Lugo, 1943)**

Afeccionado á fotografía desde hai máis de vinte anos, ó longo dos cales conseguiu diversos premios e mencións en certames locais e nacionais. Ten diversa obra publicada en prensa e en varios catálogos: Primeira Bienal Lucense de Fotografía, II Mostra Fotográfica, Da Agrupación Fotográfica ó Grupo Fonmiñá,... A súa obra foi exposta en mostras individuáis e en proxectos colectivos como 4 Fotógrafos Gallegos (Murcia, 1991), Os oficios tradicionais en Galicia (Lugo, 1997), Arquitectura popular e tradicional en Galicia (Lugo, 1998) e Olladas (Lugo, 2004).

Muralla (2005) - Fotografía

HONORIO

Muller (2004)
Acrílico

HUMBERTO LÓPEZ VÁZQUEZ

LÓPEZ, HUMBERTO (Lugo, 1956)

Artista autodidacta que ten no seu haber numerosas exposicións e dous premios Proami a nivel nacional: Avilés (1994) e Pamplona (1995). Pintor de paisaxes, bodegóns, pallasos... deuse a coñecer en mostras colectivas de Auxilia a partir de 1980. Entre as súas exposicións, citaremos: Caixa Galicia (Monforte,1981), Clavicémbalo (Lugo, 1988), Banco Gallego (Lugo, 1990), Deputación Provincial (Lugo, 1991), Casa da Cultura (Sarria, 1992), Casetas da Compañía (Monforte, 1993), Sala 3ª Idade (Lugo, 1994), Fin- goi (Lugo, 1995), Monterrey (Lugo, 1996), A Fervenza (O Corgo, 1997), Casa da Cultura (Guitiriz, 1998), Multiusos da Xunta (Lugo, 1999, 2000, 2001), Liceo (Betanzos, 2002), Balneario (Lugo, 2003), Museo Provincial (Lugo, 2003) O Abrigadoiro (Palas de Rei, 2004), Sala de Exposicións (Foz, 2004), Oficina de Turismo (Ribadeo, 2005).

Porto de Foz - Grafito

IGLESIAS REQUEJO

IGLESIAS REQUEJO, José Carlos (Vigo, 1929 - Lugo 2004)

O seu pai, médico militar, trasládase a Lugo cando el aínda é un cativo. Cursa o bacharelato (anos 1940-1947) no noso instituto. Empeza en Santiago filosofía e Letras -carreira que non remata,- e vive un tempo en Madrid, onde estuda na Escola de Belas Artes de San Fernando, pensionado pola Deputación de Pontevedra. Regresa a Lugo ó comezar os anos 70 e dedícase entre outros mesteres a deseñar mobles e dar clases particulares de debuxo e pintura, ocupación que non deixará ata a súa xubilación.

Requejo recoñeceu sempre a influencia de Joaquín Valverde, o catedrático de Colorido e Composición, e tamén dos mestres holandeses e italianos que observara longamente no madrileño museo do Prado. A súa pintura, envolta en tonalidades verdes e ocres, protagonizada por mulleres faenando na aldea ou no mar, lembra dalgún xeito o trazo e a temática costumista de Colmeiro e outros pintores da corrente rexionalista.

Cando se publicou en Lugo un libro homenaxe á revista *Ronsel* os editores pedíronlle un debuxo; el entregoulles unha fermosa acuarela do barrio do Carme. Recentemente, co gallo do seu falecemento Juan Soto escribiu en *El Progreso* un artigo laudatorio que o lembra como un artista aínda por descubrir, " un pintor honrado e valioso; quizais por iso, desprezaba os fogos de artificio..."

Mantívose á marxe das modas, os circuítos comerciais e calquera tipo de protagonismo. Realizou, porén, algunhas exposicións exitosas nas Deputacións de Pontevedra e Lugo nos anos 70 e 80. Tamén mostrou a súa obra en Madrid e en Vigo, no García Borbón.

Muller con sella.
Óleo.
Colección Particular.

JESÚS OTERO IGLESIAS

OTERO-YGLESIAS, Jesús (Lugo, 1963)

Ingresa en 1977 no Instituto Masculino para completar os seus estudos de bacharelato, que conclúe no curso 80-81. En 1986 consegue unha bolsa da residencia do Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos e desde 1987 ano que recibe o 1º premio no IV Certame Galego de Artes Plásticas leva acadado innumerables galardóns, tanto en España (Lugo, A Coruña, Ourense, Madrid, Zamora, Palma de Mallorca, etc.) como no estranxeiro (bolsa de creación artística no estranxeiro Unión Fenosa, “ Europaprijs voor Schilderkinst”, Ostende, Belxica, “ I ricordi del passato, speranza per I´ avvenire”, Valiano, Italia, etc.).

Realizou exposicións individuais e colectivas en case toda Galicia, León, Zamora, Madrid, Cidade Real, Cuenca, Tarragona, Valencia, Cádiz e Mallorca. Tamén o fixo en Portugal, Francia, Bélxica, Italia... A última vez que espuxo en Galicia foi na galería Sargadelos de Ferrol, en 2004.

A súa pintura, xeométrica e cun alto nivel de abstracción-patente na obra doada ó IES Lucus Augusti atópase na Fundación Kweekelinghe (Bélxica), Tama art museum (Xapón),

Panstwove Muzeum (Polonia) e en diversos museos e colecciónspúblicas e privadas de España.

Museum * 182 (2000). Óleo. olección do IES Lucus Augusti.

JESÚS SOMOZA

SOMOZA VÁZQUEZ, Jesús Constantino Antonio (1936)

Jesús Constantino Anotonio Somoza Vázquez estuda o bacharelato no Instituto Masculino entre os anos 1947 e 194. Desde moi novo asiste ás clases de debuxo de Luís Novo e Antonio Insua Bermúdez, gañando ós dezasete anos a 3ª medalla da exposición de "Educación y Descanso" (1950) co cadro Plaza de España, así comoun accésit na disciplina de debuxo.

Trasládase a Ponferrada para traballar como delineante no INI. Alí colabora en numerosas exposicións colectivas e, posteriormente, ingresa na Escola Superior Politécnica de Madrid, onde realiza os seus estudos de debuxo e acuarela. Destinado na Coruña, realiza un gran mural de temática galega no Hotel Portocobo, ó que seguirán outros en diferentes cafeterías de cidade herculina (Anduriña, Plaza, El Madrileño...). En Ferrol alterna o traballode delineante coa docencia no IES Sofía Casanova, onde exerce como profesor de Debuxo ata a xubilación. Realiza unha exposición individual no concello departamental e continúa pintando murais en distintas localidades da comarca ferrolterrá (Neda, Valdoviño...)

Nos últimos anos utiliza principalmente a modalidade de acuarela, unha técnica que emprega na exposición individual realizada en 2003 na galería Puerta 11 de Lugo, onde recolle diferentes motivos urbanos da cidade natal. Unha boa mostra deste traballo é o cadro que doa ó IES Lucus Augusti: Praza maior de Lugo.

Praza maior de Lugo (2003).
Acuarela.
Colección do IES Lucus Augusti

JORJE QUIROGA

QUIROGA QUIROGA, Jorge (Lugo, 1957- Lugo, 2002)

Jorge Quiroga Quiroga estuda no *Instituto Masculino* os primeiros cursos do bachalerato (1968-1971). Sendo aínda un neno, realiza un pequeño traballo de verán nunha cantería, que fai nacer nel a afición pola escultura en pedra, unha especialidade que chegará a dominar e que o levará a colaborar con Manuel Mayo nas obras da Sagrada Familia de Barcelona, ademais de participar na restauración da catedral de Lausanne. Precisamente nesta cidade suíza intervén nunha curiosa "performance" (1989): sobre o escenario do casino de Montbenon, Quiroga talla na pedra co seu cincel mentres o músico Gérard Kessler interpreta ó violoncelo pezas de Bach...

Artista polifacético, escultor, ceramista, pintor, gravador... Instalou o seu obradoiro en Laxosa e alí traballou ata que se trasladou a unha modesta vivenda no barrio lucense da Milagrosa, onde deu continuidade a unha vida bohemia que o levou a unha morte prematura o 25 de outubro de 2002. Como pintor, a súa aportación máis persoal foron as alongadas e enigmáticas caras, que espuxo en diversos lugares de España, Suíza Francia e Italia. As derradeiras mostras do artista de Conturíz na nosa cidade foron no a no 2000, no Café do Pousadoiro (once paisaxes dos Ancares nas que utilizou a técnica do acrílico mesturado con area) e en abril de 2001, no edificio administrativo da Xunta de Galicia.

Algunhas das súas obras poden admirarse no clavicémbalo e no restaurante Verruga de Lugo, que organizou unha exposición póstuma a finais de 2002, con 25 traballos de distinta feitura: augafortes, esmaltes, ceras, pasteis, carbonciños, ácidos, cemento... Outras obras están en mans particulares, como as da familia Da Pena Gutierrez, que doou ó *IES Lucus Augusti* a pintura sobre táboa que aquí se reproduce.

Sen título.
Técnica mixta.
Colección do IES Lucus Augusti.

JOSÉ ANTONIO MARÍN

MARÍN, JOSÉ ANTONIO (Alcantarilla, Murcia, 1946)

Profesor de Inglés no IES Lucus Augusti desde 1998 ata a actualidade. Participou en varias exposicións dentro do certame fotográfico Lugo urbán, Lugo rural (1992-96) organizado polo patronato de cultura do Concello de Lugo, no que acadou o 2º premio na edición de 1992. Tamén participou, entre outros, no V Certame Ciudad de Oviedo (1999) e no I Certame Internacional de fotografía Muralla romana de Lugo (2005).

Porta de San Pedro (1993)
Fotografía

Reflexos (1992)
Fotografía

JOSÉ REIGOSA



Sen título
Técnica mixta

JUAN DO REGO

DO REGO SANTÍN, Juan Lucas (Lugo, 1959)

Juan Lucas do Rego Santín estuda o bacharelato no Instituto Masculino entre os anos 1969 e 1976. É graduado en Artes Aplicadas e licenciado en Belas Artes (na especialidade de Escultura) pola Universidade Complutense de Madrid. Desde 1986 exerce a docencia en varios centros da capital de España, facéndoo desde 2001 no Instituto de Deseño "Tracor" e, como profesor asociado, na Universidade Antonio de Nebrija de Madrid.

Desque en 1969 gaña o 1º premio de pintura ó aire libre en Lugo, leva recibidos varios galardóns como recoñecemento á súa traxectoria: Certame de Artistas Xoves, revista Blanco y Negro (1974), revista Control (1986), XVI Certame Nacional de Escultura, Caja Madrid (1993), 1º premio do Concurso Nacional de Carteis, Concello de Leganés (1994), etc.

Participa en varias exposición colectivas (Pintura Xove de Galicia, 1974; Mostra de Artistas Lucenses, 1975; Auxilia Lugo, 1976, etc.) e individuais (Deputación de Lugo, 1974, Casa de Galicia en Madrid, centro cívico Julián Besteiro de Leganés, galería-café Reporter de Madrid, 1994, galería Arte XXI, Madrid, 2003).

Participou na homenaxe ós 150 anos do IES Lucus Augusti no debuxo Érase una vez... e doou un segundo debuxo para a colección de arte do Instituto.

Sen título (2003).
Grafito coloreado.
Colección do IES Lucus Augusti

Sen título (2003)
Grafito

JUAN J. VILA

VILA CASTRO, Juan José (Romeán, Lugo, 1958)

Juan José Vila Castro estuda o bachalerato no Instituto Masculino entre 1969 e 1976. Especialízase en Talla en Madeira e Escultura na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Lugo, continuando os seus estudos de escultura, pintura, policromía e modelado no Centro de Artesanía e Deseño de Galicia.

Participa en diferentes mostras en Madrid e Lugo(colectica de artistass de España e Portugal...) e realiza exposicións individuais no museo da Fonsagrada, a casa da Cultura de Vilalba, o edificio multiúsos da Xunta de Galicia en Lugo e a Casa da Cultura de Vegadeo(Asturias).

Aínda que traballa con diferentes materiais(metal, pedra, cristal, cerámica, plástico, papel...) é coa madeira coa que acaba maiores logros. Precisamente neste material construíu a escultura que doou ó IES Lucus Augusti: Señoras Vetas.

Señoras Vetas (2004).
Madeira de castiñeiro.
Colección do IES Lucus Augusti.

JUAN M. HERNÁNDEZ



Estados de ánimo - Grafito

LARANJO GRANDÍO

20 anos de pintura nos Ancares (1991) - Serigrafía

O Urogalo (1991) - Serigrafía

LOMARTI



LÓPEZ MARTÍNEZ, Juan José (Lugo, 1957)

Juan José López Martínez fai os seus estudos de bacharelato entre os anos 1967 e 1971 no *Instituto Masculino*. Formado artísticamente na Escola de Artes Aplicads de Lugo, este lucense afincado actualmente en Chantada é autor duna obra ecléctica a medio camiño entre o realismo, o pop-art, o land-art e, mesmo, o surrealismo, amosando en moitas das súas obras unha inequívoca carga simbólica.

Recibe varios premios de pintura e escultura e expón –individual e colectivamente- en máis de 100 ocasións, fundamentalmente en Galicia, mais tamén en Salamandca, León, Segovia, Madrid, Barcelona, Burdeos e Londres. A súa última exposición individual en Lugo tivo lugar nos meses de Avril e Maio de 2004, no _Museo Provincial.

As súas obras figuran en distintas colecciónns: Fundación Celta de Vigo, Caixanova, Centro de Artesanía e Deseño (Lugo), Teatro Galán (Santiago de Compostela) e varios concellos da provincia lucense (Burela, Cervo, Chantada, Guitiriz, Sarriá, etc.). Salientaremos a presenza da súa obra no paseo fluvial do Barco de Valedorras (Ourense) e no parque de escultura en Kwangju (Corea do Sur).

Doou ó IES Lucus Augusti o debuxo Lecturas do pasado (150 aniversario de creción do Instituto) e unha simbólica parábola do culto á perfección: Orater.

Orater.
Técnica Mixta.
Colección do IES Lucus Augusti.

Lecturas do pasado.
Tinta.
Colección do IES Lucus Augusti.

LÓPEZ FERREIRO

Pasos (2001)
Madeira de bidueiro e teca

LÓPEZ GUNTÍN

LÓPEZ GUNTÍN, José (Vilalba, 1929- luego 1996)

Sendo aínda un mozo, a familia de José López Guntín anímao a abandonar a súa vocación pictórica e a buscarse unha forma máis práctica de gañarse a vida como xastre. Lonxe de desalentalo, a oposición familiar convértese nun estímulo que o reafirma no empeño de facer realidade o seu soño de artista; desexo que se concreta en 1946 cando recibe unha bolsa da Deputación de Lugo para ingresar na Escola de Belas Artes de San Fernando, onde acadará finalmente a licenciatura.

Funda o grupo Seis Urogallos con outros artistas, procedentes na súa maior parte da mesma escola madrileña, de estilos opostos, pero unidos na causa común de constituirse en alternativa ó conformismo cultural imperante na posguerra lucense. Profesor de Debuxo en varios centros da capital, exerce a súa docencia no Instituto Masculino entre os anos 1968 e 1971.

Iníciase no realismo a través de retratos e composicións figurativas, pero pronto se achega ó neoimpresionismo, cuns óleos e pasteis que acadan diversas distincións. Seguidamente, a nova figuración, que xeometriza os elementos e a figura humana.

Á primeira exposición en Madrid, na Galería Ferreres seguirán outras na totalidade da xeografía galega, ademais de León, Barcelona, Valencia e un longo etcétera que conclúe en 1992, cando mostra os seus cadros por derradeira vez en Vigo, na sala Laxeiro.

O IES Lucus Augusti conta con dous óleos da súa autoría, referenciados no mundo escolar que practicou o pintor vilalbés, primeiro como alumno e logo como profesor.

Taller de pintura. Óleo. Colección do IES Lucus Augusti.

Comienza el día. Óleo. Colección do IES Lucus Augusti.

LOUZAO

LOUZAO MARTÍNEZ, Joosé Luís (Lugo, 1960)

José Luís Louzao Martínez realiza o bacharelato no Instituto Masculino entre os anos 1975 e 1979. De formación autodictada, iníciase na pintura baixo o maxisterio de Xosefina Álvarez Pol.

Mostra por primeira vez a súa obra nunha mostra colectiva no Instituto Masculino organizada pola profesora Eulalia Riesco. En 1993 participa noutra colectiva na Deputación Provincial de Lugo, e en 1997 no pub Tabla de Flandes, onde un ano despois realiza unha exposición individual. As últimas mostras nas que participa teñen lugar no edificio administrativo da Xunta de Galicia en luego e no Mesón do Forno.

Doou ó Ies Lucus Augusti unha mariña pintada no cabo Ortegal, nas coruñesas costas de Cariño.

Cabo Ortegal (2000). Óleo sobre táboa. Colección do IES Lucus Augusti

LUCIANO F. PENEDO

FERNÁNDEZ PENEDO, Luciano (Lugo, 1911)

Estuda o bacharelato no Instituto Provincial e a carreira de Ciencias Exactas na Universidade Central de Madrid, con brillante expediente académico. Rematada a carreira, exerce como profesor de Matemáticas e Xeometría Métrica na Universidade de Salamanca entre 1936 e 1941. Nese último ano gaña as cátedras de Instituto e trasládase no curso 1942-43 ó Instituto Masculino, centro do que será nomeado interventor. Despois de ocupar outros cargos e destinos, oposita ó posto de inspector de Ensinanza Media (1955), que desempeña nos distritos universitarios de Madrid, Salamanca, Santiago, Oviedo e Sevilla.

Á marxe da carreira profesional, desenvolveu ó longo da súa vida un silencioso anque intenso labor pictórico baixo o seudónimo artístico co que asinou a maior parte da súas obras: Tarraux, lembrando o nome dun compañeiro de asilo político na embaixada francesa en Madrid nos anos da guerra civil.

Deuse a coñecer serodiamente como artista en senllas exposicións individuais na Deputación Provincial de Lugo (1980, 1981 e 1984), Caixa Galicia de Ferrol (1983), Círculo das Artes e Colectiva de Profesorres de Instituto de Lugo (1992). Esta obra de madurez mereceu a crítica laudatoria de Trapero Prado, Narciso Peinado, Antonio Fraguas, Moure Mariño, etc. Uns e outrod salientan a súa habelencia como caricaturista , retratista, paisaxista e pintor de interiores e naturezas mortas. O IES Lucus Augusti conserva dúas obras súas: unha paisaxe rural e un retrato do que fora secretario do Instituto entre 1927 e 1953, Jesús Varela Novo.

Sen título (1982) Óleo sobre táboa. Colección do IES Lucus Augusti.

Jesús Varela Novo.
Óleo sobre táboa.
Colección do IES Lucus Augusti.

LUGILDE

LUGILDE PENA, José Mª (Lugo 1943)

Jose Mª Lugilde Pena comeza no *Instituto Masculino* os estudios de bachalerato nocturno no curso 1960-61. Seguidamente estuda debuxo, pintura e escultura na Fundación Bolaño Rivadeneira, completando a sua formación con Pacios, Lopez Guntín e Manuel Mallo. En 1968 emigra a Hispanoamérica, onde traballa como técnico matriceiro e continúa os seus estudos en escolas de arte, gravado, pintura e muralismo.

Membro da Asociación de Artistas Plásticos da UNESCO, entre os diversos premios que recibe, citaremos a medalla de bronce no *III Salao de Artes Plásticas* de Sao Paulo e a medalla de ouro no Salao de Artes G.M.E.C. en Brasil. Recentemente acadou o 2º premio de pintura no IX certame de arte Galería Burela (2004).

Realiza unha interesante serie de plumiñas policromadas á acuarela para o libro *Recordos de Lugo e provincia* (1991), a revista *Lucus* (1991) e *Poemas en contos da muralla* (2001). Ademais do seu labor como ilustradore cartelista, participa en exposicións colectivas e individuais en Brasil e España (ademais das catro provincias galegas, Cadiz, Oviedo, Santander, Valladolid e Madrid); as últimas na Casa de Galicia de Madrid e no Atenéo Ferrolán (2003). O Museo Provincial de Lugo conta con dúas obras súas.

A súa obra -autodefinida como "configuración abstracta"- móvese entre o hiperrealismo e as experiencias do expresionismo, o cubismo e o surrealismo. É precisamente o camiño que deixou orfo Eugenio Granell aquelpolo que transita a súa inspiración máis recente. O crítico Juan Antonio Tinte describe a súa pintoescultura en función dunha serie de "corpos e seres pertencentes a un universo transgredido de xerarquías peculiares, enchendo de referencias e metáforas o estrañamento en que habitan".

Doou ó *IES Lucus Augusti* dúas obras de estilos ben diferentes: unha persoal interpretación paisaxística do Lugo de finais do s. XVIII, e unha pluriperspectivística visión da muralla lucense envolta nun mar de figuracións oníricas.

Visión de Lucus Augusti a finales del s. XVIII. Técnica mixta. Colección do IES Lucus Augusti.

Os lukasianos reivindikando a lukus.
Óleo sobre táboa.
Colección do IES Lucus Augusti.

LUIS GINEL

GINEL, LUÍS (Lugo, 1948)

Diplomado pola Escola de Artes de Lugo e especializado en pintura pola de Madrid. Participou en exposicións colectivas no Círculo das Artes (1972), EAAOOAA (1991), Asociación de Artistas Plásticos de Lugo (2001) e Galería Sargadelos de Lugo (2004). Unha obra súa foi seleccionada no X Certame de Arte do Concello de Burela (2005). Individualmente, espuxo na galería Sargadelos (Monforte, 2005) e en Puerta 11 (Lugo, 2006).

Marea (2006) - Óleo

LUIS GUERREIRO



Xeometría Pura (2006)
Gravado

LUIS RUEDA

RUEDA, LUÍS (A Habana, 1921 - Lugo, 2004)

Foi profesor de Educación Física no IES Lucus Augusti ñas décadas dos anos sesenta e setenta. Fundou - xunto con Valentín Roldán, César Quijada, Bello, Vega e Juanjosé Vivan- eos- a Agrupación Fotográfica Lucense, promotora do concurso 'A foto da semana", que exhibía a foto gañadora na Praza Maior de Lugo. Foi un auténtico experto en captar a expresión da psicoloxía infantil, como se pode observar no álbum da súa obra que editou en 1991 o Centro de Estudos Fotográficos, dirixido por Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez Canal.

Sen título (1968)
Fotografía

LUIS VALVERDE LUNA

Toilette (1999)
Tinta

M. C. MATALOBOS

Extensión (2003)
Fotografía

Natureza Morta (2002) - Fotografía

MACÍA

MARTÍNEZ MACÍA, Miguel Ángel (Lugo,1955)

Miguel Ángel Martínez estuda nas Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Lugo e Madrid, no Círculo das Belas Artes da capital madrileña e na Facultade de Belas Artes de Valencia, pola que é licenciadona especialidade de Pintura. Desde 1990 exerce como profesor numerario de Debuxo no *IES Lucus Augusti*, cetro ó que doou dúas obras: o debuxo-poético *Desexo* (1998) e un óleo de de inspiración didáctica: *Organización e constancia* (2004).

A sùa obra, expresada en varios esquemas figurativos, ten unha impronta moi personal que traslada percepcións emotivas a planos de cores nos que por veces as formas semellan intuirse tras unha densa bruma.

En 1975 realiza a súa primeira exposición individual no Circulo das Artes de Lugo, á que seguirán outras individuais e colectivas, principalmente en Galicia pero tamén en Madrid, Valencia, Murcia, Victoria, Barcelona, Bos Aires… En 1985 foi seleccionado para participar no Concurso de Pintores Pensionados "Bolsa do Papular" (Segovia). Conta, asemade, con máis duha ducia de premios e ten obra exposta no Museo, Concelloe Deputación de Lugo, Deputación de Coruña, concellos de Cedeira e O Barco de Valedoras, asociacións culturais ("Xermolos", "Meigas e Trasgos ", "Semana Verde") e diversas coleccóns de arte en Lugo, Valencia, Segovia, Burgos, etc.

Organización e constancia (2004). Óleo. Colección Lucus Augusti.

Desexo (1998)
tinta

Retratos Literarios (2005)
Técnica mixta

MAGDALENA SEIXAS

Arrimados á estaca da vida, soñamos - Tinta

MANFRED VON DRECHSEL ROMERO

VON DRECHSEL ROMERO, **MANFRED** (Lugo, 1935)

Iniciouse na pintura a través do seu tío, Arcadio Romero Boelle, con quen viviu varios anos en Lugo. Logo, en Caracas, México DF e Nova York contactou co mundo artístico e realizou estudos de pintura. Ó seu regreso a España (1977) asiste ás aulas de prestixiosos artistas como Betsy Westerndors, Francisco Molina (Taller do Prado) ou Aldo Bahamonde. Nese momento, a súa formación pictórica pasa do impresionismo ó realismo. Participa en varias exhibicións colectivas e en 2002 intégrase na escola de Chinchón, ARAUCO (Fundación Arte e Autores Contemporáneos) onde segue as ensinanzas do mestre do realismo contemporáneo Guillermo Muñoz Vera. As súas últimas exposicións tiveron lugar na Galería Sargadelos (Lugo, 2004) e a colectiva de Alumnos da Academia (Madrid, 2005).

Bosque (2004) - Óleo

MANUEL CARREIRA

CARREIRA VARELA, Manuel Ángel (Lugo,1966)

Manuel Angel Carreira Varela ingresa no Instituto Masculino no curso 1982-83 para iniciar os estudos de bacharelato.Influenciado polos seus irmans maiores,Suso e Luis ,afeccionase desde neno a pintar establos,palleiras e casas de aldea.Hoxe en dia transita por unha figuracion afectiva de personaxes redondos e,por veces,exultantes que se moven nos lindeiros da marxinalidade:borrachos,feirantes,musicos bohemios...

Acadou diferentes premios(2º premio de pintura rapida de paisaxes,Folgoso do Courel;de escultura Cidade de Lugo,en colaboracion con Teresa Gomez...).Realixou varias exposicions individuais en Lugo(galeria Puerta 11,cafeteria Parladoiro,pub Bianco,edificio multiusos da Xunta de Galicia) e Santiago de Compostela (Rest.Siro),asi como varias colectivas en Portugal e Galicia(en Lugo fixoo no Museo Provincial,nas salas Apolo e Bacabu,e no auditorio municipal.)

Jose Angel Gonzalez(propietario da sala Acuarela)fixo doazon o IES Lucus Augusti dunha obra tenra e afectiva de Manuel Carreira: Cabalo e unicornio.

Cabalo e unicornio (2003).
Óleo.
Colección do IES Lucus Augusti

MANUEL DEL RÍO

DEL RÍO CASTRO, Manuel (San Xiao de Mos, Lugo, 1926)

Por mediación de Julia Minguillón, que admira as prometedoras cualidades do seu alumno lucense, Manuel del Río Castro, consegue unha bolsa da Deputación de Lugo para analizar estudos artísticos na academia de Belas Artes de San Fernando. En Madrid vive ata que en 1951 viaxa a París e conecta coa pintura impresionista, fixa aí a súa residencia ata 1956.

Regresa a Lugo e exerce como profesor de Debuxo no Instituto e no Colexio Marista durantes tres cursos. Na cidade das murallas, participa nas tertulias do Méndez con Ánxel Fole, Luís Pimentel, etc. En 1960 obtén a cátedra de Debuxo e trasládase a Asturias, Onde imoarte docencia ata a xubilación, primeiro nun instituto de Oviedo e logo na escola de Maxisterio.

Reacio ás mostras exibitivas, espuxo nunha veintena de ocasións, principalmente en Galicia e Asturias, Madrid, León e Santander. A crítica Ana Mª Fdez. sinala que os seus retratos familiares, naturezas mortas e paisaxes, expresan "o desexo rigoroso de captación ambiental e lumínica, dunha fidelidade coa natureza, amor polo volume e tendencia á monumentalidade".

Nai e filla (1974).
Óleo sobre táboa.
Colección familiar.

MANU TEIXEIRO

TEIJEIRO VALLEDOR, Manuel. Manu Teixeiro. (Lugo, 1949)

Manuel Teijeiro Valledor obtén o bacharelato no Instituto Masculino en 1964. Artista autodidacta, as claves cromáticas da súa pintura explícaas o propio autor cando afirma: "intento que a cor e a luz impriman á miña obra unha visión plácida e transparente..."

Realizou varias exposicións individuais: casa do concello de Pol (1998), Aula Foris. Instituto de Seguros (2000), edificio adminstrativo da Xunta de Galicia en Lugo (2003). Precisamente nesta última exposición, entre paisaxes e figuras de mulleres, alfareiros, mariscadores e xogadores de cartas, destaca a reproducción ó óleo do retrato de D. Antonio Raymundo "Marqués de Sargadelos" que Goya pintara en 1810 e que se atopa actualmete no museo de Baltimore.

Fixo doazón ó IES Lucus Augusti dunha obra que recolle unha interesante perspectiva da catedral de Lugo desde a rúa bispo Basulto.

Torre da Catedral (2003).
Acrílico.
Colección do IES Lucus Augusti.

MARÍA JOSÉ SANTISO

Sen título (2004)
Óleo

Sen título
Técnica mixta

MARTÍN TALLO

Peregrino (2004)
Técnica mixta

MÉNDEZ



MÉNDEZ (Lugo, 1962)

Gerardo Lozano Méndez é un fotógrafo afeccionado autodidacta que ten participado en exposicións colectivas como 161 anos de fotografía en Lugo (Sala Uxío Novoneyra, 2001), Os catro elementos (Multiusos da Xunta de Galicia, Lugo, 2003) ou Olladas (Museo Provincial de Lugo, 2004).



Sen título
Fotografía

MIGUEL CALVO

CALVO, MIGUEL (Lugo, 1951)

Fotógrafo profesional desde hai uns trinta anos. Ademais de en Lugo, espuxo individualmente en Madrid e Vigo. As mesmo, realizou exposicións colectivas e participou na publicación do libro Cuatro por veinte e nos catálogos da 1ª Bienal Lucense, II Mostra Fotográfica, 40 anos de fotografía en Lugo, etc. Obras súas foron premiadas en diversos concursos fotográficos.

París - Fotografía

MIGUEL FRAGA

FRAGA, MIGUEL (Lugo, 1956)

Técnico en Fotografía Artística pola Escola de Artes de Lugo. Acadou premios en diversos certames: Fonmiñá, Agora Foto, Concello de Mañón, Concello de Viveiro, COGA, etc. Participou en varias exposicións colectivas e a súa mostra Unha viaxe ó sur foi incluída nos Outonos Fotográficos 2004. Colaborou na revista Artesonado e noutras publicacións: *Cara ó Miño* (1996), *Palleta maldita de Sito Carracedo* (2001), *Mallo: Sagrada Familia & Obra en Galicia* (2002), *Homes de ferro en barcos de madeira* (2004), etc.

Picos de Europa (2005)
Fotografía

OTERO REGAL

OTERO REGAL, Alfonso (Nois-Foz, Lugo, 1952)

Alfonso Otero Regal estuda os primeiros cursos do bacharelato (1962-1966) no Instituto Masculino. Iníciase no mundo da pintura da man de Puchades, en Mondoñedo, e continúa a súa formación na Escola Massana de Barcelona - onde tamén realiza un curso de Cumellas- e no Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos. Traballa no seu propio taller de cerámica utilitaria e nun estudo de cerámica artística, muralismo e traballos arquitectónicos.

Profesor de cerámica en obradoiros ocupacionais e escolas taller, imparte cursos de rakú, serigrafía e pastas cerámicas en varias localidades de España e realiza murais cerámicos para numerosos estamentos públicos e privados. Premiado en varias ocasións, ten obras en museos, fundacións e colecções privadas de España, Europa, EEUU e Xapón.

Espuxo por primeira vez en Zaragoza (1973), e logo en Lugo (1976), Munich (1977), Oviedo (1977), Viveiro (1983, 1995, 1998 e 1999), Foz (1985), Ibiza (1987), A Coruña (1989 e 1991), Santiago (1990, 1992, 1993), Madrid (1994) e Barcelona (1997). O número de exposicións colectivas nas que participou anda pola corentena, tanto en Galicia como fóra dela (Barcelona, Madrid, Alacante, Ponferrada, Talavera de la Reina, Valencia, Zaragoza, Bilbao, Huelva, Toledo, Pamplona, Zürich, Munich, Lorient, Frankfurt, Tokio, Bruselas, etc.)

Como mostra do seu orixinal traballo, doou ó IES Lucus Augusti unha peza mural protagonizada por unha muller espida que leva na cabeza unha cesta de peixe.

Muller que vende peixe (2002).
Serigrafía cerámica sobre azulexo.
Colección do IES Lucus Augusti.

PACO PESTANA

Lira para miróns e abandeirados (2002)
Madeira de faia e castiñeiro

PEDRO AGRELO

AGRELO BALADO, Pedro Francisco (Lugo, 1949)

Pedro Francisco Agrelo Balado estuda o bacherelato no *instituto Masculino* entre 1959 e 1966 e posteriormente na Escola de Artes Decorativas de Madrid. Na actualidade é profesor na Escola de Artes Apicadas de Lugo, na especialidade de Interiorismo. A súa actividade docente esténdese á Escola Superior de Hostelería de Santiago de Compostela e Ó curso de posgrao de Deseño de Interiores da Universidade da Coruña.

Partidario da arte como algo vivencial, obtivo varios premios pola súa obra pictórica, especialmente nos primeiros anos da súa carrerira artística. Deseñador de carteis nos anos 70 e 80, participou en diversas exposicións: Circulo das Artes de Lugo (1965), VIII Certame Nacional de Arte Xuvenil, Oviedo (1966), Mostra de artistas novos, Reus (1967), Certame Nacional de Arte de Valdepeñas (1969), etc.

Fixo doazón ó *IES Lucus Augusti* dunha das súas características paisaxes, pintada en exclusiva para esta colección de arte.

Paisaje 15. Óleo sobre táboa. Colección do IES Lucus Augusti.

PENAS GOÁS

PENAS GOÁS, Eulogio (Vilaba,1916)

Eulogio Penas Goás estuda o bacharelato no instituto provincial entre 1927 e 1933, antes de trasladarse a Santiago de Compostela para licenciarse en Medicina (1941). Regresa a Lugo, onde exerce a profesión medica en varios destinos, ata a súa xubilación. Actualmente reside en Rábade.

Aínda que nunca se dedicou profesionalmente ó mundo do arte, a afección venlle desde moi neno, cando tallaba pequenos arados, grades, carros do país e ata unha escopeta de madeira tan realista que alguén lla levou pensado que era de verdade... Frecuentou a casa do escultor de chairego Víctor Corral e alentou a vocación do seu fillo, o artista profesional Eulogio das Penas, con quen participou na exposición Zooario (2001) no centro de Artesanía e Deseño da Deputación Provincial de Lugo.

Especializado na talla de bustos, doou ó IES Lucus Augusti a peza que aquí se reproduce.

Paisano.
Madeira de castiñeiro.
Colección do IES Lucus Augusti.

PRIMITIVO MARCOS

DE MARCO FERREIRO, Primitivo (Lugo, 1962)

Primitivo Carlos de Marco Ferreiro realiza os estudos de bacharelato no Instituto Masculino entre 1976 e 1980. Actualmente é profesor de Inglés no IES María Sarmiento de Viveiro.

Debuxante e ilustrador no xornal El Progreso, é o creador das series de banda deseñada Aventura no Camiño de Santiago, editada pola Deputación de Lugo, e Os Fernández, para a revista xuvenil Golfiño. Tamén debuxou para a revista Lucus e a serie Xulieta para o xornal O Provisional.

Fixo doazón ó IES Lucus Augusti dunha ilustración inédita da serie Os Fernández, así como unha páxina da mesma serie publicada o nove de novembro de 2003.

Ilusración inédita de Os Fernández. Colección do IES Lucus Augusti.

Os Fernández II (2004)
Ilustración

QUIROGA

Sen título
Técnica mixta

RAFAEL BOSCH

Sen título
Tinta

RAMÓN CASTRO

CASTRO LÓPEZ, Ramón (Sarria, Lugo, 1941)

Ramón Castro López realiza a partir de 1951 os primeiros cursos de bacharelato no Instituto Masculino. De formación fundamentalmente autodidacta, recibe influencias de A.L. Cancio e G. Kappler, compartido co tamén artista sarria´n Rodín experiencias e proxectos artísticos que o levarán a abandonar o seu traballo na banca para dedicarse por completo á pintura dun xeito profesional. A mayor parte da súa obra ñe canalizada a través de galerias de Madrid, e Barcelona e ocasionalmente París e Bruxelas.

A súa é figurativa, de corte realista, independente e moi personal, non ecadra en tendencias e movementos concertos; de factura clásica, rigorosa pero aberta e sensible dça todo tipo de contribucións baseadas en criterios de calidade.

Entre as súas exposicións individuais, destacaremos as que tiveron lugar no centro Marqués de Casariego (Tapia, Asturias, 1996) e na sala Almirante de Lugo (1996 e 2001). Das colectivas salientaremos a benéfica de Amnistía Internacional (Luego, 1997), a do edificio multiusos da Xubta de Galicia (Luego 1999) e as da Asociación de Artistas Plásticos de Lugo (1998 e 2002).

Doou ó Instituto unha obra que amosa unha fermosa paisaxe leonesa (A Bañeza).

Primavera III (1998). Óleo. Colección do IES Lucus Augusti.

ROMERO BOELLE

ROMERO BOELLE, Arcadio (Lugo, 1908-S. Pedro de Nós, A Coruña, 1956)

Arcadio Romero Boelle realiza estudos de bacharelato no Instituto Provincial na década dos 20. Participa activamente na vida cultural da cidade e comparte tertulia no Hielo Bar con Ánxel Xohán, Francisco Lamas e Ánxel Fole. Asemade, mantén unha estreita relación con Insua Bermúdez e Colmeiro, colaborador da revista Yunque, fundada por Fole en 1932. Con este último colabora nun proxecto gráfico sobre o Lugo antigo que nunca chegará a publicarse máis que dun xeito parcial na prensa local, pero constitúe a base da sús popular colección de estampas.

Participa no 1º Salón de Outono de Fotografía (1935) e, ata o estalido da guerra civil, forma parte da primeira corporación de esquerdas que se constitúe en Lugo (febreiro de 1936), presidida por Francisco Lamas e na que tamén son concelleiros, entre outros, J.V. Pimentel e o catedrático do Instituto Glicerio Albarrán.

Seguen anos de fecunda aprendizaxe ata a súa primeira exposición de estampas na Deputación Provincial de Lugo (1943). Esta mostra acada un grande éxito, así que volve a expoñer en 1946 no Casino de Vigo e na Deputación de Lugo, e participa na 1ª Exposición colectiva de pintores lucenses (1947) no Círculo das Artes, xunto a Corredoyra, Castro Gil, Julia Minguillón, etc. O tamén profesor no Masculino, Lázaro Montero escribe en El Progreso: "Romero Boelle converteuse no xograr da súa terra. As súas láminas son un canto apaixonado a Galicia".

Imparte clases de debuxo a realiza traballos gráficos para varias empresas e obras literarias, como a monografía sobre Portomarín de G. Paz López, o Terra Cha de Manuel María ou Alus do candil de Ánxel Fole. Dous anos antes do seu prematuro falecemento, expón nvamente no Méndez de Lugo e na Alianza Francesa de Vigo, apreciándose un importante cambio na súa pintura, sobre todo do punto de vista temático. O neto do artista, Brais Rodríguez Romero doou ó IES Lucus Augusti a obra que se reproduce nesta páxina.

Sen título. Grafito sobre papel Arches. Colección do IES Lucus Augusti.

Sen título
Grafito

RULOS

Homenaxe a Francis Bacon
Óleo

SÁNCHEZ FERNÁNDEZ DE LA VEGA

SÁNCHEZ F. DE LA VEGA, JOSÉ F. (Lugo, 1950)

Licenciado en Filosofía e Letras (especialidade en Historia Antiga). Realizou estudos sobre Cerámica na Escola de Artes Ramón Falcón de Lugo e ten no seu haber as seguintes ex- posicións: Componendas, La Tabla de Flandes (Lugo, 1999), Bestiario, Bodega 147 (Ferrol, 2001), Varios, Bodega U7 (Ferrol, 2003), Cucharas y más, El almacén (Lugo, 2005) e Colectiva (Begonte, Lugo, 2005).

Cañas y Barro (2005)
Arxila debuxada /bambú

SATURNO LOIS

PIÑEIRO, Saturno Lois (Lugo, 1904 - Lugo, 1985)

Satruno Lois Piñeiro comeza os seus estudos de pintura en Valencia, da man do pintor Cuñá. En Madrid estuda un curso de debuxo na Escolo de Belas Artes de San Fernando e ten como mestres a Castro Gil e Joaquiín Valverde.

Amosa por primeira vez os seus cadros en Lugo no Círculo das Artes (1923). Expón por segunda vez na sala Vilches, en Madrid, onde colabora nas revistas Cosmópolis, Galiza, La Raza e participa na Exposición Nacional e no Saloón de Outono de 1924. A súa obra A Charca é seleccionada para formar parte da IV Exposición organizada pola Caixa de Aforros de Vigo en torno a artistas galegos nacidos antes de 1915 (Imeldo Corral, Eugenio Granell, Camilo Díaz Baliño, etc.)

É Pensionista pola Deputación Provincial(1933) e en 1936 , cando expoñía novamente na cidade natal , estala a guerra civil, que trúncara prolongadamente a súa actividade pictórica, de xeito que durante máis de trinra anos dedicarse case esclusivamente a doencia en diversos centros de Lugo. No curso 1950-60 ingresa como profesor de debuxo no Instituto Masculino, onde excederá o seu maxisterio ata a xubilación , deixando unha lembranza imborrable entre os seus alumnos e compañeiros polas súas enormes cualidades artísticas e humanas.

O amigo e compañeiro Xesús Alonso Montero distingue perfectamente a pintura de acurelista da do pintor de óleos. A propósito dunha dobre exposición celebreda en Lugo en 1974(16 acuarelas na Libreria Alonso e 21 óleos no Banco Exterior) sinala que os óleos , carecterizados por unha especie de realismo máximo , ofrécennos unha mensaxe " cehea de humanidade ,de patetismo , de medos , de soidade radical, de traxedia..." Polo contrario , as acuarelas-paisaxes, cabalos , etc. - están dotadas de certo lirismo e corresponden e momentos de sosego que le permiten abordar" a harminía das cousas, a reconciliación coa natureza, non coa historia".

En 1996, a Asociación de Artistas Plásticos de Lugo organizou un ciclo de conferencias sobre a súa figura homenexe á que seguiu a rendida polo IES Lucus Augusti (2001) coa entrega por parte do profesor Emilio Valado del Río (ex-profesor de Matemáticas no Instituto) do cadro Camboya, pintado en 1973, cando Don Saturno aínda era profesor do centro. O 4 de febreiro de 2004, no centenario do seu nacemento , Benxamín Santín lembra o artista (a quen define como " pintor da meditación") e doa ó Lucus Augusti este debuxo caricatura.

Campo de trigo.
Óleo.
Colección do IES Lucus Augusti.

Camboya.
Técnica mixta.
Colección do IES Lucus Augusti.

TEJERO

TEJERO, XOSÉ (Alcalá de Henares, Madrid, 1955)

Tras traballar como freeland para El Ideal Gallego, en 1983 entra a formar parte do xornal El Progreso como fotógrafo, correspondente de El País e colaborador de medios como Interviú, Tiempo, Cambio 16, Diario de Galicia, etc. Sucesivamente ocupa os cargos de xefe de fotografía (1985), xefe de produción de Lugovisión (1997) e director de Telelugo (1999). En decembro de 2000 é nomeado director de Lugopress, produtora de cine e televisión. Colaborou en publicacións como *Sempre en Lugo, La memoria ajena, Galicia, terra nai, Fascinación y misterio de ella, Muller para ionxe, Cien años, Calendario de Galicia, Mil preguntas sobre Lugo, Paseante en Lugo,* etc.



Sen título (2006) - Fotografía

VALENTÍN ROLDÁN

ROLDÁN, VALENTÍN [Lugo, 1929)

Foi correspondente gráfico da revista Vida Gallega e actuou como xurado nas finais da Bienal Negtor de Madrid e Barcelona, así como en diversas edicións do Trofeo Folla de Carballo en Lugo. Entre os premios que aca- dou destacan os do Centro Galego de B. Aires, Certame Nacional Diafragma 75, Salón Nacional da Excma. Deputación Provincial da Coruña, II Salón Galaico-Portugués de Fotografía, Salón Nacional da Agrupación F.S.J. Bautista, Salón Nacional de Fotografía do Mar de Tapia de Casariego, Trofeo No-Do, XI Salón Nacional Folla do Carballo, Certame Literario-Fotográfico da Terra Chá, etc.

Aparición - Fotografía

VÁZQUEZ ALEMÁN

VÁZQUEZ ALEMÁN, Manuel (Santiago, 1946)

Manuel Vázquez Alemán estuda os catro últimos cursos do bacharelato no *Instituto Masculino* (1960-1964). É esta unha activa etapa da súa vida na que práctica con éxito atletismo, teatro, poesía (é premiado nos xogos florais "Minerva" de Santiago en 1963 e 1964) ... Unha etapa de inquedanzas artísticas que dá paso ós anos de estudo universitario en Santiago, onde se licencia en Filosofía e Letras e continúa residindo na actualidade.

Despois de primeira exposición no Círculo das Artes en Lugo (1964) veñen outras mostras individuais e colectivas en Baiona (nove exposicións entre 1973 e 2003), Vigo (1997), A Coruña (1997, 2000 e 2003), Madrid (1997, 1998 e 2003), Pornic (Francia, 1998), Vilagarcía de Arousa (1998 e 1999), Santiago de Compostela (1999 e 2004), Poio (2002), Ourense (2002) , Lugo (2001, 2002 e 2003) e Ponferrada (2004).

Algunhas das sús obras –de pincelada solta e gran colorido- foron seleccionadas no Salón de Outono da Agrupación Española de Acuarelistas (1997) e no XXV Certame Nacional de Acuarela Caja Madrid (1998), na capital de España. Está representado en colecciónsinstitucionais e privadas de España, Alemaña, Bélxica, Francia, Italia, Gran Bretaña, Noruega, Portugal, Arxentina e México. Velaquí algunhas: colección de arte de S.A.R o Príncipe de Asturias, Presidencia da Xunta de Galicia, Fundación Rodríguez Iglesias, etc.

Acuarelista loado pola crítica –véxase a cita de Fernando Ónega ó comezo deste libro-, doou ó *IES Lucus Augusti* unha paisaxe interior de Lugo dotada de gran profundidade e viveza cromática que evidencia un simbolismo inspirado nas lembranzas estudantís do autor.

Lugo (2004) Acuarela. Colección do IES Lucus Augusti.

VÁZQUEZ CEREIJO

VÁZQUEZ CEREIJO, José Luis (Lugo, 1940)

José Luis Vázquez Cereijo realiza os exames de grao elemental e superior (1957) no *Instituto Masculino*. Posteriormente, estuda pintura, gravado e a carreira de arquitectura Técnica. Exerce como profesor de Debuxo na Escola de Arquitectura Técnica de Madrid.

En 1982 recibe o premio Joan Miró (Barcelona) e o 1º premio da Deputación de Sevilla. Acada tamén o primeiro premio na 2ª mostra Unión Fenosa (1991) e o Premio Nacional de Gravado en 1997 (xa recibira galardóns neste certame nas edicións de 1994 e 1995). As súas primeiras exposicións tiveron lugar en Madrid (1970) na sala Cultart e no Museo Nacional de Arte Contemporánea.

Desde entón mostrou a súa obra nun cento de ocasións nas sete cidades de Galicia, Madrid, Barcelona, Santander, Torrelavega, Sevilla, Valladolid, Granada, Cáceres, Málaga e Salamanca, ademais de en distintas cidades de Bélxica, Francia, Italia, Checoslovaquia, Holanda, Arxentina, EEUU e China.

A última vez que espuxo en Lugo foi en abril de 2004, na sala Esmelgar. Esta exposición de gravados (*Os días eternos*) supón un cambio radical na súa traxectoria, tanto do punto de vista técnico como temático, orientándose decididamente polo camiño da abstracción e a utilización de soportes ríxidos. Precisamente desa exposición procede a obra que doou ó *IES Lucus Augusti*.

Sen título.
Augaforte.
Colección do IES Lucus Augusti.

VIZCAÍNO

VIZCAÍNO DÍAZ, Manuel Perfecto (Lugo, 1950)

Manuel Perfecto Vizcaíno Díaz estuda o bacharelato no *Instituto Masculino* entre 1963 e 1969. A súa afección pola pintura arranca do maxisterio de Saturno Lois, no primeiro curso de bacharelato (1963-64). Actualmente exerce como mestre no CEIP Santo Estevo de Parga (Lugo).

Artista autodidacta, a súa formación neste campoderívase dos coñecementos requeridos para os niveis nos que desempeña o seu labor profesional. Ó non se dedicar profesionalmente ó mundo da arte, a obra en mans alleas corresponde a doazóns e colaboracións con diferentes persoas e institucións baixo demanda.

O seu espírito inconformista faino practicar diversas técnicas e xéneros. Como pintor, utiliza preferentemente a acuarela; como escultr -especialidade que o ocupa maiormente na actualidade- traballa en obras de ferro de carácter non figurativo, como a peza que doou ó *IES Lucus Augusti: Incompatibilidade*.



Incompatibilidade (2004)
Ferro e granito.
Colección do IES Lucus Augusti.

XAIME DA PENA

DA PENA CEIDE, Xaime (Lugo, 1954)

Xaime da Pena Ceide realiza o bacharelato no *Instituto Masculino* entre 1964 e 1971. Cursa estudos de Psicoloxía e licénciase en Dereito na Universidade de Santiago (1978). Asemade, completa a súa formación artística na Escola de Artes Aplicadas *Ramón Falcón de Lugo*.

Colabora na radio (SER, COPE) e na prensa galega (A Nosa Terra, La Voz de Galicia, El Progreso, Galicia Hoxe, etc.), así como en diversas revistas universitarias e doutro tipo: *Tintimán, ¡Que vienen los rojos!, Atlánrico Express, Con Todo Lugo de detalles* (foi membro fundador das dúas últimas)...

Participou nas exposicións colectivas de Artistas Plásticos de Lugo en 1999 e 2000, desatando no campo de composición informal, a técnica mixta e a colaxe. A fusión de elementos procedentes do seu pasado musical (excompoñente dos grupos Brath e Semen Up) e a súa profesión de avogado están seguramente na xénese da orixinal creación que doou ó *IES Lucus Augusti* titulada *¡Non hai dereito!,* superposición de discos compactos sobre un mar de papel lexislativo.

¡Non hai dereito! (2004).
Colaxe.
Colección do IES Lucus Augusti.

XAN LÓPEZ DOMÍNGUEZ

LÓPEZ DOMÍNGUEZ, Xan Carlos (Lugo, 1957)

Xan Carlos López estuda no Istituto Masculino a partir do 3º curso de bacharelato (1971-1975), antes de licenciarse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago. Fundador do grupo Xofre (1979) xunto a Francisco Jaraba e Miguelanzo Prado, actualmente está considerado un dos máis prestixiosos ilustradores do noso país como demostran os máis de trescentos libros que ilustrou para as editoriais Galaxia, Xerais e cumio, Alfaguara, S.M. Susaeta, Edeelvives, Siruela , Anaya Ciclo Editorial, Bruño, Edites e Montena (Madrid), Everest (León) ElKar (San Sebastián) , Imaginarium (Zaragoza), Bromera (Valencia) Hachette e galimard (París), Ravensburguer(Ravensburgo), Sántiari(Sao Paulo) Ática (Río de Janeiro) Mondadori(Milán) e Grimm Press (Taipei).

Leva recibido numerosos galardóns: premio Rañolas de Ilustración , Curuza de Humor en Fene, Lista de Honra do IBBY en Berlín, lustrador do ano 1994 en Bolonia , placa da Bienal de Bratislava, premio Malba Tahon da Federación brasileira do libro infantil e xuvenil , Lista de White Ravens da biblioteca Internacional da Xunventude de Munich, etc.

É o autor de varios libros: Voces na lagoa do espantallo(seleccionado entre os cen mellores libros do século XX pola Fundación Germa´n Sánchez Rupérez) La gallinita churra, Baile de colores , El rally de los locos, Gago por merenda , O grande Trovante, etc. Realizou ilustracións para obras de J.Amado(Gatto Tritaro e Miss Rondinela), Rcaardo Alcántara (El club de los magos descalzos) Glória Sánchez (O capitán Ro e o gato Bo), Fina Casalderrey (O avó é sabio, etc.) e o volume colectivo, de reccnte publicaciñon Rosalía ilustrada. O seu último traballo consistitu en ilustrar con lembranzas da súa infancia lucense un relato sobre o medo ós cans, escrito pola autora chinesa Jean Huang e editado en Taiwán por Grimm Press(2004)

Ilustración do libro A brigilia sciolta de Fernando Savater,
Ed. Mondadori, Milán, 2002.
Colección do IES Lucus Augusti.

XERMÁN REFOJO

ÁLVAREZ REFOJO, Xermán (Lugo,1957)

Xermán Álvarez Refojo estuda os cursos que van desde 3° do antigo bacharelato ata o COU no instituto masculino de Lugo(1970-75).Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Salamanca e Gradado en Artes Aplicadas de Lugo,iniciase no mundo da publicidade en 1982,actividade que desenvolve ata ingresar como profesor de Serigrafía na Escola de Artes de León(1991).Alí traballara durante mais de dez anos(1991-2002)ata ser nomeado profesor de plástica no Centro de Formación e Innovación Educativa de Ponferrada(curso 2002-03)Actualmente imparte clases de Serigrafía Artística na Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón de Lugo.

Colaborador gráfico na ilustración de varias revistas e libros de autores galegos,acada o premio de gravado”Máximo Ramos “(Ferrol,1889) e resulta seleccionado para a exposición”Fr.Luís de León”da Junta de Castilla y León(Valladolid,1998)

Expón,individual e colectivamente,en máis de corenta ocasions,principalmente en Galicia(Lugo,Rabade,Betanzos,etc.)mais tamén en León,Valladolid,Marvella Cadaques,Golden,etc.Ten obras en colecciónes particulares e diferentes institucions:deputados de León e Lugo,Universidade de León,Colexio de Asistentes Sociais de Galicia,”Art Notes”de Nova York,etc.

Inverno (2004) Técnica mixta. Colección do IES Lucus Augusti.

XOÁN GUERREIRO

Punta da Illa Pancha (2003) - Grafito

XOÁN M. BALBOA

O Ovo Cósmico
Tinta

XOSÉ ARTEAGA

Utopías (2000)
Técnica mixta

XOSÉ LÓPEZ OROZCO

LÓPEZ OROZCO, XOSÉ (Fazouro-Foz, Lugo, 1947)

Profesor de Filosofía no IES Lucus Augusti desde 1977 ata 1999, en que resultou elixido alcalde de Lugo. A súa afección pola fotografía levouno a encargarse durante varios anos do Laboratorio de Fotografía do Instituto. Participou en asociacións fotográficas lucenses e acadou varios premios nesta especialidade.

Sen título (1984)
Fotografía

XOSÉ M. OTERO

OTERO, XOSÉ MANUEL (Chantada, Lugo, 1958)

Colaborou no xornal El Progreso e na revista Entremuros. A súa colección Ribeira Sacra, composta por 40 fotografías, foi adquirida polo Museo Etnolóxico de Ribadavia e polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Participou, entre outras, ñas exposicións colectivas: Feminino (Bacabú, 1999), O 1º Elemento (Mesón do Forno, 2000), 161 anos de Fotografía en Lugo (Uxío Novoneyra, 2001), 0 2º Elemento (M. do Forno, 2001) , O 3º Elemento (M. do Forno, 2002), O 4º Elemento (M. do Forno, 2003), Os catro Elementos (Xunta de Galicia, 2003), Ourense en pé de foto (Museo Municipal de Ourense, 2004) e Olladas (Museo Provincial de Lugo, 2004). Individualmente, compre salientar as mostras: Ribeira Sacra (Casas da Cultura de Ribadavia, 1999; Monforte de Lemos, 2000; Chantada, 2000 e Escolapios de Monforte, Fronteira Sur (Casa da Xuventude de Santiago de Compostela, 2000), Terras de Chantada (Casa da Cultura de Chantada, 2001) e A Luz do Sur (Sala O Grelo, Monforte de Lemos, 2002).

Adarve da Muralla
Fotografía

YEBRA DE ARES

YEBRA DE ARES, Antonio Benito. (Monterroso, Lugo, 1926).

Antonio Benito Yebra de Ares realiza as probas de ingreso no curso 1940-41 e estuda os primeiros cursos do bacharelato no Instituto Masculino. De formación artística autodidáctica, viaza por Europa e bebe nas fontes renacentistas dos clásicos italianos e dos pintores franceses que admiran nos museos do pais veciño.

Publica libros –en galego e castelan- de temática moi diversa: poesía, banda deseñada, historia, turismo, etc. Orientado no seu labor artístico polo mestre e amigo Julio Prieto Nespeira, dedicase durante un tempo a pintar paisaxes e a realizar debuxos por encargo (para Caixa Galicia e outras empresas), carteis promocionais sobre o Camiño de Santiago, carteis anunciadores de festas, romarias, etc.

Reside na Coruña e amosa a súa obra nunha mostra colectiva que ten lugar no Circulo Mercantil da cidade herculina, antes de trasladarse a Luego e expopñer noutra colectiva no Circulo das Artes (1965). Participa na colección poscubista do salón Exposante en Paris e realiza mais de trinta exposicións (A Coruña, Lugo, Vigo, Ferrol, Santiago de Compostela, Madrid, Valladolid, etc.)

Para o IES Lucus Augusti pinta ex profeso o cadro titulado Moda 2004, que amosa unha parella de mozos paseando polo parque de Rosalía de Castro e recrea unha moda de vestir que evoca a época xuvenil do autor.

Moda 2004.
Óleo.
Colección do IES Lucus Augusti.

ZALO

Lugo Esencial (1978)
Fotografía